



presente edicto. Transcurrido dicho plazo sin que se haya hecho uso de tal derecho, se dictarán las oportunas resoluciones.

Nombre y apellidos; nacionalidad; fecha incoación/propuesta; n.º expediente; domicilio.

Miriam Teixeira Santos; brasileira; 13.06.2005; 05/134; Club Descanso, Cambeo, Coles (Ourense).

Ourense, 24 de junio de 2005.- El jefe de la Brigada Provincial de Extranjería y Documentación. Fdo.: Aurelio Prado Martínez.  
R. 2.961

**Dirección Xeral da Policía  
Comisaría Provincial  
Ourense**

**Edicto**

De conformidade co disposto nos artigos 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise pública a proposta de resolución do procedemento sancionador de expulsión que instrúe este Grupo de Estranxeiría e documentación con data 13.06.2005, por infracción ó artigo 53.a) da LO 4/2000, modificada pola LO 8/2000 e reformada pola LO 14/2003, do 20 de novembro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, á cidadá estranxeira que a continuación se relaciona, xa que intentada a notificación persoal no seu último domicilio coñecido non se puido practicar.

Os correspondentes expedientes están no Negociado de Estranxeiría e Documentación da Comisaría de Policía, e os interesados poderán presentar alegacións e achega-las probas que estimen oportunas dentro do prazo de corenta e oito horas, contadas desde o día seguinte á publicación deste edicto. Transcurrido o dito prazo sen que usase tal dereito, ditananse as oportunas resolucións.

Nome e apelidos; nacionalidade; data incoación/proposta; n.º expediente; enderezo.

Blanca Amada Sala de González; paraguaia; 13.06.2005; 05/135; Club Descanso, Cambeo, Coles (Ourense).

Ourense, 24 de xuño de 2005. O xefe da Brigada Provincial de Estranxeiría e Documentación.

Asdo.: Aurelio Prado Martínez.

**Dirección General de la Policía  
Comisaría Provincial  
Ourense**

**Edicto**

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, se hace pública la propuesta de resolución del procedimiento sancionador de expulsión que instruye este Grupo de Extranjería y documentación con fecha 13.06.2005, por infracción al artículo 53.a) de la LO 4/2000, modificada por la LO 8/2000 y reformada por la LO 14/2003, de 20 de noviembre, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social, a la ciudadana extranjera que a continuación se relaciona, ya que intentada la notificación personal en su último domicilio conocido, ésta no fue posible practicarla.

Los correspondientes expedientes obran en el Negociado de Extranjería y Documentación de la Comisaría de Policía, pudiendo los interesados formular las alegaciones y aportar las pruebas que estimen oportunas dentro del plazo de cuarenta y ocho horas, contadas desde el día siguiente a la publicación del presente edicto. Transcurrido dicho plazo sin que se haya hecho uso de tal derecho, se dictarán las oportunas resoluciones.

Nombre y apellidos; nacionalidad; fecha incoación/propuesta; n.º expediente; domicilio.

Blanca Amada Sala de González; paraguaya; 13.06.2005; 05/135; Club Descanso, Cambeo, Coles (Ourense).

Ourense, 24 de junio de 2005.- El jefe de la Brigada Provincial de Extranjería y Documentación. Fdo.: Aurelio Prado Martínez.  
R. 2.960

**IV. ENTIDADES LOCAIS**

**IV. ENTIDADES LOCALES**

**Leiro**

**Anuncio**

O Concello de Leiro, en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local o texto íntegro da Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e soares e de protección contra os incendios forestais e distancias das plantacións. A devandita ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 28 de abril de 2005, e expúxose ó público mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia do 14 de maio de 2005. Como non presentaron alegacións, fica aprobada definitivamente. O texto completo é como segue:

Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e soares e de protección contra os incendios forestais e distancias das plantacións.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.- A presente ordenanza dítase en virtude das facultades conferidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora do réxime local e ten por finalidade establece-las condicións dos terreos e soares e das distancias das plantacións de especies arbustivas no termo municipal do Concello de Leiro.

Artigo 2º.- Limpeza dos terreos e soares e condicións sanitarias destes.

a) A limpeza dos soares e terreos rústicos é obrigación dos propietarios ou posuidores. De non efectuarse así esta limpeza, o Concello procederá a retira-lo lixo ou desperdicios á custa daqueles, sen prexuízo das sancións que procedan legalmente.

b) Os propietarios dos terreos incluídos nos perímetros dos núcleos rurais do concello, segundo a determinación resultante do Plan de Ordenación do Medio Rural (POMR), deberán mantelos rozados e limpos e nas condicións de seguridade e salubridade que non supoñan risco para a saúde, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

c) Os propietarios ou posuidores de terreos que se atopen a menos de 30 metros de calquera edificación deberán mantelos rozados e limpos, de xeito que eviten a iniciación ou propagación do lume.

d) Queda prohibido botar lixo ou residuos sólidos nos soares e terreos, tanto de propiedade pública como privada.

e) As obrigas dos parágrafos anteriores incumbirán tanto ás persoas físicas como ás xurídicas.



Artigo 3º.- Distancias das plantacións.

a) Nos terreos rústicos do termo municipal, segundo a cualificación do POMR, as distancias mínimas das plantacións segundo as distintas especies son as seguintes:

1.- Especies de coníferas ou resinosas:

A eidos ou montes; 4 m.

A viñedos ou labradíos; 8 m.

2.- Especies de frondosas e outros tipos:

A eidos ou montes; 4 m.

A viñedos ou labradíos; 10 m.

3.- Especies de eucaliptos:

A eidos ou montes; 12 m.

A viñedos ou labradíos; 35 m.

4.- Árbores froiteiras:

A eidos ou montes; 2 m.

A viñedos ou labradíos; 4 m.

b) Nos terreos que se califiquen como de solo núcleo rural non se poderán plantar especies arbustivas, agás árbores froiteiras e ornamentais, que deberán gardar en todo caso a distancia de 6 metros ós lindeiros.

c) As plantacións que se fagan en todo tipo de terreos deberán gardar, respecto dos bens e instalacións de dominio e uso público, as seguintes distancias:

1.- A estradas municipais e camiños públicos, non se poderá plantar especie ningunha a distancia inferior a 4 metros da aresta exterior da estrada e a camiños de ferradura e sendeiros a distancia será de 2 metros.

Con respecto a estradas nacionais, autonómicas e provinciais, ateranse ó que se estableza na lexislación sectorial.

2.- A pozos de abastecemento de auga, fontes e mananciais, tanto públicos como privados, non se poderá facer plantacións a menos distancia da que se sinala:

Eucaliptos; 25 m.

Fronosas; 15 m.

Froiteiras; 5 m.

3.- A outros bens e instalacións públicos non se poderán facer plantacións a menos de 5 metros, calquera que sexa a especie arbustiva.

Artigo 4º.- O órgano competente para sancionar.

1. As sancións polas infraccións tipificadas nesta ordenanza son competencia do Sr. alcalde ou do concelleiro en quen delegue.

2. Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar diante do Concello as infraccións da presente ordenanza en relación coa materia a que esta se refire.

3.- As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se debe responder.

Artigo 5º.- Clasificación das infraccións.

1. Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza, os actos ou omisións que contraveña o establecido nas normas que integran o seu contido.

2. As infraccións clasifícanse como leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes.

Artigo 6º.- Infraccións leves.

a) En xeral, o cumprimento dos requisitos, obrigas e prohibicións establecidas nesta ordenanza, que non estean recollidos como graves ou moi graves.

b) Non proceder á limpeza dos terreos unha vez notificada a obriga desta e transcorrido o prazo sinalado.

c) Non realiza-la roza ou limpeza de terreo ou franxa de terreo sinalado en metros nesta ordenanza.

Artigo 7º.- Infraccións graves:

a) A reincidencia nas infraccións leves.

b) Non proceder á roza e limpeza de terreos ou soares unha vez notificada a súa obriga e logo de lle ser notificada a valoración do custo desta roza e limpeza, cando haxa risco inminente de incendio para vivendas e veciños.

c) Non permiti-lo acceso ó persoal de vixilancia a inspección dos terreos, no caso de comprobación de denuncia.

d) A realización de plantacións sen garda-las distancias establecidas na presente ordenanza.

e) A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.

Artigo 8º.- Infraccións moi graves.

Cando nas infraccións graves concorran ademais algunha das seguintes circunstancias:

a) A reincidencia nas faltas graves.

b) Grave repercusión nos recursos naturais ou deterioro destes.

Artigo 9º.- Sancións.

1. Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes ás infraccións dos preceptos da presente ordenanza, en materia de limpeza de soares e plantacións, as sancións serán as seguintes:

a) Infraccións leves, multa dende 30 a 400 euros.

b) Infraccións graves, multa dende 401 a 600 euros.

c) Infraccións moi graves, multa dende 601 a 3.000 euros.

2. Nos supostos de non cumprir coas obrigas da presente ordenanza, ou na reincidencia de calquera das infraccións moi graves, o Concello procederá a toma-las medidas protectoras e correctoras, subrogándose a administración nas obrigacións dos propietarios, e pasándolle-las custas ó seu cargo.

Artigo 10º.- Determinación da contía das sancións.

1. Para determina-la contía da sanción atenderase ás circunstancias concurrentes nos feitos que as motivaron, tales como a natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que se poidan considerar como atenuantes ou agravantes.

2. Será considerado reincidente quen incorrera en infraccións das mesmas materias nos doce meses anteriores, e nas que recaer resolución.

Artigo 11º.- Réxime transitorio. As plantacións arbóreas existentes dentro do perímetro dos núcleos rurais deberán acomodarse ó disposto na presente ordenanza no prazo de dous anos, contados apartir da entrada en vigor desta.

Disposición derradeira.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e que transcorra o prazo sinalado no artigo 65.2 da Lei de bases de réxime local.

Leiro, 21 de xuño de 2005. O alcalde.

#### Anuncio

*El Ayuntamiento de Leiro, publica, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, el texto íntegro de la Ordenanza municipal reguladora de la limpieza de terrenos y solares y de protección contra los incendios forestales y distancias de las plantaciones. Dicha Ordenanza fue aprobada inicialmente por el Pleno de la Corporación en la sesión de 28 de abril de 2005 y se expuso al público mediante anuncio en el tablón de edictos de la Corporación y en el Boletín Oficial de*